



INTERVENCIÓN

## INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2014

Ao obxecto de dar cumprimento aos requerimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

O Orzamento do ano 2014, formouse nun escenario de contracción económica, sendo os efectos máis inmediatos estacamento nos ingresos asociados á actividade inmobiliaria. A variación negativa pola cesión de Tributos do Estado e a contía do Fondo Complementario de Financiamento

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía, ten un axuste á baixa do 3,54 por 100 en relación aos do ano 2013. do ano anterior en 6.199.366,92 euros, comunicada pola Xunta de Galicia, Consellería de Facenda o 28/01/2014.

No escenario económico actual, o estado de gastos mantén as contías do ano anterior. En canto aos gastos educativos e aos programas de acción social, medran na súa capacidade orzamentaria. Os contratos en vigor revisáronse tendo en conta as dotacións do ano anterior así como o gasto devengado mensualmente, aplicando a variación prevista do Índice de Prezos ao Consumo para o ano 2013 naqueles casos que así o esixe o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e que non se produxese unha renuncia expresa a tal dereito por parte da empresa prestadora do servizo.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados, establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2013. A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilite unha visión concluyente, tendo en conta os estados comparativos.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo a información consolidada, se ben os orzamentos de cada Organismo Autónomo Administrativo xa foron propostos, con independencia do apoio que tiveran polas devanditas Xuntas Reitoras, en cada caso o expediente tívose que artellar de acordo cos requerimentos que establece o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é dicir, completos, pero aínda así, se considera necesario para facilitar a transparencia dos datos a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise.

Amósanse de seguido os cadros comparativos da distribución Orzamentaria atendendo á natureza económica e por Áreas de gasto, tendo en conta a estrutura aprobada pola ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro.

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS 2014**

Capítulo	Descripción	Empregos	
<b>Operacións correntes</b>			
		<b>Entidade Local</b>	<b>Estados Consolidados</b>
I	Gastos de persoal	58.906.358,70	67.151.826,18
II	Gastos correntes en bens e servizos	107.182.711,49	114.417.857,15
III	Gastos financeiros	1.063.719,00	1.063.749,00
IV	Transferencias correntes	39.125.482,62	25.907.876,56
V	Fondo de Contixencia	200.000,00	200.000,00
<b>Total empregos por operacións Correntes non financeiras</b>		<b>206.478.271,81</b>	<b>208.741.308,89</b>
<b>Operacións de capital</b>			
VI	Investimentos reais	10.846.071,96	11.331.016,22
VII	Transferencias de capital	965.056,26	546.133,42
<b>Total empregos por operacións de capital non financeiras</b>		<b>11.811.128,22</b>	<b>11.877.149,64</b>
<b>Total empregos por operacións non financeiras</b>		<b>218.289.400,03</b>	<b>220.618.458,53</b>
VIII	Activos financeiros	601.000,00	671040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.355,46	6.800.355,94
<b>Total empregos por operacións de capital financeiras</b>		<b>7.401.355,46</b>	<b>7.471.396,42</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>		<b>19.212.483,68</b>	<b>19.348.546,06</b>
<b>TOTAL XERAL GASTOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,95</b>

### VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS GASTO ORZAMENTO ANO 2013-2014

Capítulo		Entidade Local			Estados Consolidados		
		Importe 2013	Importe 2014	+/- .%	Importe 2013	Importe 2014	+/- %
1	Gastos de persoal	58.911.357,92	58.906.358,70	-0,01%	66.866.480,22	67.151.826,18	0,43%
2	Gast, c. bens e servizos	104.198.884,00	107.182.711,49	2,86%	111.781.417,34	114.417.857,15	2,36%
3	Gastos financeiros	2.234.922,66	1.063.719,00	-52,40%	2.234.952,66	1.063.749,00	-52,40%
4	Transferencias correntes	37.111.283,94	39.125.482,62	5,43%	23.463.392,62	25.907.876,56	10,42%
5	Fondo de Contixencia		200.000,00	100,00%		200.000,00	100,00%
6	Investimentos reais	12.753.207,36	10.846.071,96	-14,95%	13.307.737,74	11.331.016,22	-14,85%
7	Transferencias de capital	1.120.056,26	965.056,26	-13,84%	626.133,42	546.133,42	-12,78%
8	Activos financeiros	601.000,00	601.000,00	0,00%	680.040,48	671.040,48	-1,32%
9	Pasivos financeiros	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%
<b>Total</b>		<b>226.049.374,15</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>-0,16%</b>	<b>228.078.816,49</b>	<b>228.089.854,47</b>	<b>0,00%</b>

### VARIACIÓNS DAS ÁREAS DE GASTO DO ORZAMENTO DO ANO 2013-2014

Estado de gastos do Orzamento Entidade Local				Estado de gastos do Orzamento Consolidado			
Ano 2013		Ano 2014		Ano 2013		Ano 2014	
Área	Importe	Importe	Variación	Área	Importe	Importe	Variación
0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%	0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%
1	115.003.470,09	115.725.914,94	0,63%	1	114.356.486,33	115.392.343,88	0,91%
2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%	2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%
3	32.480.036,61	34.020.689,93	4,74%	3	35.156.462,71	36.753.359,97	4,54%
4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%	4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%
9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%	9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%
<b>Total</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>0,16%</b>	<b>Total</b>	<b>228.078.816,49</b>	<b>228.089.854,47</b>	<b>0,00%</b>

#### CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL.

Este Capítulo recolle a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo.

Comprende tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Inclúense neste Capítulo, as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial, e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais.

Están dotados para todo o ano natural os postos vacantes que figuran na RPT vixente. Tamén están dotados os custos da Seguridade Social a cargo do Concello. Figuran, igualmente, neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego, as dotacións para outras modalidades de contratación, postos eventuais, así como os complementos destinados a Produtividade e Gratificacións, Fondo Social, Formación, Seguro colectivo de vida e accidentes.

O Orzamento previsto para o capítulo I, está a seguir as limitacións contidas inicialmente no Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, posteriormente recollidas no Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público e por último, incorporadas á Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 así como a Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2013 e Lei 22/2013, de 23 de decembro, de dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, publicada no BOE do 26 de decembro de 2013, na que se conxelan as retribucións para o ano 2014, non experimentando as mesmas variación algunha en relación coas do ano 2013.

A Lei 22/2013, de 23 de decembro, de dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 21, segue a manter a limitación á incorporación de persoal de novo ingreso, quedando reducida a “cero” a TRE, salvo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os servizos básicos como a Sanidade, a Educación, persoal adicado á loita contra o fraude fiscal, Policía Local, servizo de prevención e extinción de incendios, que se establece no 10 por 100 da TRE, computando nesta limitación os interinaxes.

O capítulo I do estado de gastos no proxecto do Orzamento da entidade diminúe levemente en relación co ano anterior, representando un -0,01%, estando incluídas as sentencias declarativas de relacións laborais indefinidas e un incremento do 0,43 por 100 nos estados consolidados.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 58.906.358,70 euros. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,10 por 100 e un 28,53 sobre os gastos correntes non financeiros.

No custo orzamentado están incluídas as vacantes que, con posterioridade, se se cumpren os requisitos legais, é dicir, a execución parcial pendente da Oferta de Emprego Público do ano 2011, así como a aprobada para os anos 2012 e 2013, poden ser cubertas coa execución da mesma e de tódolos Organismos Autónomos dependentes, aprobadas en anos anteriores.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta os acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 8 e 26 de xullo de 2011.

En relación coas retribucións do Sr. Alcalde e dos Srs. Concelleiros, para o ano 2014 non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado. O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Sr. Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-1 1/2014.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos (18 e 27), estase a cumprir coas dúas limitacións.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non ostenten dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004.

As consignacións recollidas neste Capítulo, corresponden cos custos da listaxe dos postos de traballo, segundo estudio efectuado polo servizo de Persoal e que se remitiu como documentación para a formación deste capítulo. Non entanto o anterior, este documento ten carácter interno non formando parte formal do expediente, o que si se adxunta é a Plantilla, o cadro de persoal, así como o resumo por unidades xestoras.

En canto á variación dos estados consolidados, recollen as variacións correspondentes á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos: Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.

## **CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS.**

Comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio e desenvolvemento das actividades propias da Entidade Local, cuxa regulación está prevista no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II ascende a 107.182.711,49 euros, que supón unha variación positiva do 2,86 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2013, e representa un 47,49 por 100 respecto do total do orzamento e un 51,51 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2013 é do 2,36 por 100.

Nos estados consolidados éste capítulo ascende a 114.417.857,15 euros, representa o 50,16 por 100 sobre o orzamento total e o 54,81 por 100 sobre os gastos correntes.

Inclúense as dotacións necesarias para atender aos contratos de prestación dos distintos servizos, así como aquelas que, sin ter ese destino, teñen relación directa co ámbito de competencias que establece o artigo 26 da Lei 7/1985.

Este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotados de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais en todos os casos en que non se tivese feito unha renuncia a este dereito por parte da prestadora do mesmo. Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son os da recollida dos residuos sólidos urbáns, limpeza viaria, recollida selectiva, tratamento de residuos, mantemento de contedores e papeleiras, mantemento da rede semaforica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento de alumbrado público, mantemento da rede viaria, mantemento de túneles, pintado dos viais, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, mantemento de colexios, mantemento de instalacións deportivas e culturais, cobertura de riscos, programas de metadona, atención domiciliaria, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar e alugueiros de bens inmobeis.

En canto a subministros, os máis representativos son os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente recollido neste capítulo aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, lúdicas, de xuventude, de igualdade, etc.

As variacións contractuais limitáronse á actualización de prezos previstos nos pregos de cláusulas administrativas que regularon os procedementos de contratación, coa excepción feita en determinados programas de política social, onde os incrementos veñen fundamentados por unha maior cobertura do servizo. Para garantir o control dos gastos correntes non financeiros, se plantexou e implementou o sistema de calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade proponente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia ou aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay-go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria, seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos gastos financiados con baixas noutras partidas.

Non entanto o anterior, na formación do orzamento do ano 2014, todo o gasto voluntario e de funcionamento tivo axustes á baixa.

### **CAPITULO III.- GASTOS FINANCEIROS**

Este Capítulo inclúe os seguintes conceptos:

Xuros de préstamo a longo prazo.

Xuros de demora.

Xuros de préstamo a corto prazo.

Gastos de formalización.

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 1.063.719 euros, o que representa un decremento do 52,40 por 100 con respecto ao exercicio 2013, neste capítulo non hai máis que dotar os devengos que se producen como consecuencia de débeda viva.

O 98,81 por 100 da dotación deste capítulo ten como destino facer fronte os xuros da débeda viva, aínda que os custos son aproximados, xa que a análise faise en función das estimacións que se prevén da evolución de tipos xuros (Euribor trimestral) para o ano 2014 e das disposicións que se fagan do préstamo concertado no ano.

A referida consignación representa un 0,47 por 100 do total do gasto orzamentario e o 0,51 por 100 sobre o gastos correntes non financeiros.

Para a determinación da dotación orzamentaria tivéronse en conta, as condicións financeiras de cada préstamo e a previsión do gasto financeiro da operación proxectada. Para o cálculo do custo dos recursos alleos, tívose como tipo de referencia Euribor + marxe cun custo do 5,5% que é maior co que se estaba a aplicar. Ademais da variación dos tipos de xuro, tamén está que o diferencial contratado para a última operación concertada é do 4,85 por 100, menor que o formalizado na última operación, aínda que maior cas anteriores.

Na documentación que conforma o orzamento, adxúntase información sobre o escenario da situación do endebedamento 2014-2016, así como a carga financeira, endebedamento e anualidade teórica de amortización.

Así mesmo, figuran neste capítulo as dotacións para facer fronte aos xuros de demora, se fose o caso, que figuran no programa funcional 9310 por unha contía de 10.000 euros, así como 2.000 euros para

gastos de formalización.

#### **CAPÍTULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES**

A cantidade prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes deste Concello para o ano 2014 é de 39.125.482,62 euros, cun incremento do 5,43 por 100 en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 17,34 por 100, e do 18,95 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencias a favor dos organismos autónomos administrativos.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo dobillete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta social, tarxeta verde, pensionistas e xubilados cunha renda que non supere o SMI verde polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario.
- Convenio transporte aereo
- Convenio FOAMPA
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, Emprego, etc).
- Trasferencias nominativas para eventos e determinados clubs de élite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias ás Fundacións MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO,
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipales.
- Axuda ao terceiro mundo.
- Axudas humanitarias.
- Convenio UNED.

En canto aos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, xa que unha parte importante deste capítulo son as transferencias correntes que a Entidade fai aos seus Organismos Autónomos, e que se eliminan no proceso de consolidación.

#### **CAPÍTULO VI.- INVESTIMENTOS REAIS**

A contía dos investimentos é de 10.846.071,96 euros, que representa un 4,81 por 100 sobre o total do orzamento.

O programa de investimentos dos estados consolidados ascende a 11.331.016,22 euros, nalgún caso os investimentos correspóndense co propio funcionamento operativo e noutros casos, supón investimentos destinados a uso xeral ou de servizo. A porcentaxe deste capítulo sobre a totalidade dos orzamentos é dun 4,97 por 100.

No anexo de investimentos pode analizarse a totalidade dos proxectos de investimentos programados, coas cantidades asignadas e a fonte de financiamento que dispoñen (tanto recursos propios como alleos).

Forma parte da documentación que conforma o expediente orzamentario, un plan de investimentos que recolle os do ano 2014 así como os proxectados para os anos 2015-2017.

Na documentación orzamentaria, figura a relación de humanizacións tanto nos barrios como nas parroquias. Ademais destes investimentos, figuran melloras na proceso de informatización e adaptación a novas tecnoloxías, melloras deportivas, melloras en parques, novos investimentos para Bombeiros, e a anualidade correspondente ao ano 2014 dos compromisos plurianuais.

No financiamento dos investimentos, non hai fonte externa de recursos distinta do préstamo, o cal obriga á entidade a financiar o seu plan de investimentos co superávit ordinario e coa apelación á concertación de novo endebedamento, que ten que limitarse ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

## **CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.**

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor, con destino a financiar operacións de capital, ascendendo á cantidade de 965.056,26 euros, supoñendo unha diminución do 13,84 por 100 en relación co ano anterior e unha ponderación do 0,43 por 100 sobre o total do Orzamento.

Os estados consolidados, ao igual que sucede co capítulo IV, son de menor contía que os da Entidade Local, 546.133,42 euros, xa que quedan anulados os importes que son transferidos aos Organismos Autónomos que a súa vez éstos destinan a investimentos. As variacións negativas nos Estados consolidados, é do 12,78 por 100. A ponderación sobre o total do Orzamento en dun 0,24 por 100.

As dotacións máis relevantes que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Trasferencia de capital Xer.Urb	340.000,00
Conv. CZFV P.Congresos	281.133,42
Subv. Melloras en fogares	50.000,00
Transf.capital IMD	60.000,00
Prazas uso público	65.000,00
Subv. AAVV	150.000,00
Transf.capital EMAO	18.922,84

## **CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS**

As dotacións previsionais deste capítulo se manteñen en relación ao exercicio anterior, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao personal, non hai nada salientable que comentar a éste capítulo, supoñendo un 0,27 respecto do total do orzamento.

Para os estados consolidados, a finalidade é a mesma, representa un 0,29 por 100 sobre o orzamento, producíndose unha variación a baixa en relación ao ano 2013 do 1,32 por 100



## CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCEIROS

O Capítulo IX recolle o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes operacións xa consolidadas. As amortizacións correspondentes a devolución das liquidacións negativas pola PTE non computan neste capítulo, xa que se fan por compensación como devolución de ingresos indebidos, tampouco se teñen en conta para o cálculo da estabilidade orzamentaria, é dicir, as amortizacións non se están computando como gasto, senón como menor ingreso, quedando así constancia no concepto 42010 do estado de ingresos.

Este capítulo ten dotado unha contía de 6.800.355,46 euros, cunha baixa do 25,42 por 100 en relación co ano 2013, representando un 3,01 por 100 sobre o total do orzamento. Esta diminución ven provocada pola amortización anticipada realizada no ano 2013.

Como variacións máis salientables na composición deste capítulo, é a incorporación da primeira anualidade do préstamo concertado no ano 2013. Por outra banda, como consecuencia dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 27/05/2013 e 05/08/2013, amortizouse anticipadamente a operación formalizada co BBVA no ano 2010, que tiñan un capital vivo de 9.334.884,18 euros. Así mesmo, tamén foi obxecto de amortización anticipada, a operación formalizada con NGB no ano 2011 por unha contía de 9.287.287,35 euros. En consecuencia, estas operacións saíron do cadro de débeda.

Os estados consolidados manteñen as mesmas contías que as da Entidade Local, xa que os Organismos Autónomos non teñen débeda financeira algunha formalizada.

En resumo, a totalidade dos créditos consignados no estado de gasto do orzamento son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles a este Concello por tódolos conceptos coñecidos na fase procedimental de elaboración do proxecto do orzamento, e polo tanto, suficientes para facer fronte ás contratas vixentes así como aquelas outras previstas no orzamento e os gastos de funcionamento operativo dos distintos servizos de competencia municipal.

Vigo a 1 de abril de 2014

A técnico de contabilidade

Asdo: Belén Pérez Barreiro

O ALCALDE PRESIDENTE DA CORPORACIÓN



Asdo: Abel Caballero Alvarez